

BANDO

CAMPAMENTOS DE VERÁN, DEPO AVENTURA A LANZADA 2017

Infórmase á veciñanza que a **Deputación Provincial de Pontevedra**, abriu o prazo de presentación de solicitudes de praza no **Programa DEPO AVENTURA A LANZADA** dirixido a nenas e nenos con nacemento nos anos 2004 a 2009, destinando 20 prazas ao Concello de Pontecesures. **As solicitudes presentaranse ata o 3 de abril na Deputación Provincial.**

11 QUENDAS de 7 días de duración

1ª Do 25 de xuño ao 1 de xullo, 2ª Do 2 ao 8 de xullo, 3ª Do 9 ao 15 de xullo, 4ª Do 16 ao 22 de xullo, 5ª Do 23 ao 29 de xullo, 6ª Do 30 de xullo ao 5 de agosto, 7ª Do 6 ao 12 de agosto e 8ª Do 13 ao 19 de agosto, 9ª Do 20 ao 26 de agosto, 10ª Do 27 de agosto ao 2 de setembro, e 11ª Do 3 ao 9 de setembro.

Custo

- Custo xeral da praza é de **100 euros** por menor. As familias numerosas con acreditación terán un desconto do 20% (achega de 80€/praza).
- Existen 4 prazas gratuítas para familias en situación de vulnerabilidade social (procedemento específico).

Presentación de solicitudes:

As solicitudes de participación nesta convocatoria deberán presentarse preferentemente de forma electrónica:

A.—Presentación de solicitudes **mediante formulario web** a través da páxina web da Deputación de Pontevedra (www.depo.es), cubrir os datos solicitados na páxina web, correspondentes ao modelo oficial de solicitude e premer o botón enviar e descargar e imprimir o xustificante electrónico xerado pola páxina web tras realizar o envío. Este xustificante incluírá un código único de preinscrición e debe presentarse no Rexistro da Deputación acompañado da documentación inicial. Deberá indicarse a pertenza a Familia Numerosa e, no seu caso a solicitude de praza por procedemento específico.

B.— É posible a presentación de solicitudes **mediante formulario impreso** o cal estará dispoñible nas **Oficinas de Atención á cidadanía da Deputación.**

Documentación:

Inicial	. Xeral	<input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE /IMPRESO DE SOLICITUDE <input type="checkbox"/> Volante de empadramento da nena ou neno <input type="checkbox"/> DNI da nai/pai ou persoa titora <input type="checkbox"/> DNI da nena ou neno <input type="checkbox"/> Cuestionario de saúde e autonomía persoal <input type="checkbox"/> No caso de menores estranxeiras, copia do permiso legal de residencia <input type="checkbox"/> Se é o caso, certificado do grao de discapacidade e copia do ditame
	Se solicita Gratuidade ou Bolsa:	<input type="checkbox"/> Informe Social do Servizo Social Comunitario <input type="checkbox"/> Título de Familia Numerosa en vigor
Na incorporación á quenda		<input type="checkbox"/> Fotografía tamaño carné <input type="checkbox"/> Tarxeta sanitaria

Para máis Información e presentación de solicitudes poden dirixirse ao **Servizo Social Comunitario** deste Concello os **luns, de 10 a 13:30 horas, e os martes e venres de 9 a 13:30 horas.**

Pontecesures, 14 de marzo de 2017

O ALCALDE,

Juan Manuel Vidal Seage